

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 04 DE DECEMBRO DE 2017.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **CATRO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**  
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**
- 3º.- **URBANISMO.**
- 4º.- **EXPEDIENTE 1329./2017. ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO TRACTOR NOVO E DOUS APEIROS DESBROZADORAS (UNHA DE ARRANTRE E OUTRA DE BRAZO).**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;  
- 22 de Novembro de 2017

2º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**

**2.1.- Expediente 1498/17. Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrência, de R.G.B.**

Dase conta do informe social elaborado por Mª del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 24 de novembro de 2017, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrência, de:

Nome a Apelido	Enderezo
R.G.B.	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a alta no SAF na modalidade de libre concorrência, de R.G.B segundo informe da Traballadora Social, de data 24 de novembro de 2017.

3º.- **URBANISMO.**

### 3.1.- Expte. 1226/17. Licenza de Demolición de nave dedicada a explotación avícola. Juan Carlos Bardelas Lamas, en representación de ECODEZA, S.C.

Vista a solicitude de licenza de obra maior presentada por Juan Carlos Bardelas Lamas, en representación de ECODEZA, S.C., Rexistro de Entrada nº 2017-E-RE-21 de data 29 de novembro de 2017, para demolición de nave dedicada a explotación avícola, no lugar de Monte Cabanas, s/n - Siador (Silleda).

Visto o informe emitido o 29 de novembro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante Juan Carlos Bardelas Lamas, e.r. ECODEZA S.C.  
Data de rexistro 29/11/2017 N° 2017-E-RE-21 Expediente 1226/2017  
Solicitud Demolición de nave dedicada a explotación avícola  
Tipo de Solicitud Obra Maior Superficie: 1.846 m2  
Emprazamento Monte Cabanas, s/n1, Siador  
Referencia catastral 36052V501000200000ME,  
36052V501000140000MX e  
36052V501000180000MS Coordenadas UTM 29 ETRS89:  
Parcela rexistral n/d X: 560992.75 m Y: 4724134.18 m  
Clase de solo Rústico  
Autor do Proxecto Juan Carlos Bardelas Lamas, enxeñeiro técnico industrial col 458  
Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 09/11/2017, N° v170458  
Dirección de Obra Juan Carlos Bardelás Hermida, enxeñeiro técnico industrial colexiado 458  
Oficio de Dirección Visado polo Colexio Oficial 25/10/2017, n° 170440-C1  
Dirección de Execución n/d  
Orzamento (P.E.M.) 36.775,80 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: Orzamento Mbc €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Planeamento do Concello de Silleda
  - 11.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 11.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 11.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 11.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 11.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 11.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 11.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 11.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 11.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 11.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

11.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

11.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

11.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

12 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 1226/2017, de solicitude de licenza asinada por Juan Carlos Bardelas Lamas, e.r. ECODEZA S.C., presentada con R.E. 2017-E-RE-21 de 29/11/2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Juan Carlos Bardelas Lamas, enxeñeiro técnico industrial col 458 e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a demolición encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Demolición de nave dedicada a explotación avícola**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**. A edificación non está protexida por ningún instrumento de ordenación do territorio.

5. O uso solicitado está sometido a licenza de acordo co artigo 351 da 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e é autorizable por licenza municipal directa, salvo mellor criterio.

*Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Demolición de nave dedicada a explotación avícola solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de demolición, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico."*

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a ECODEZA, S.C. para demolición de nave destinada a explotación avícola, no lugar de Monte Cabanas, s/n – Siador (Silleda), parcelas con referencia catastral 36052V501000200000ME, 36052V501000140000MX e 36052V501000180000MS, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

**Segundo.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril,

Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

### **3.2.- Expte. 1206/17. Licenza de Obra Maior. Nave-almacén para garda de maquinaria agrícola. ANTONIO ALBINO NERCELLAS RODRÍGUEZ.**

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por ANTONIO ALBINO NERCELLAS RODRÍGUEZ, Rexistro de Entrada nº 2017-E-RC-3287 de data 19 de xullo de 2017, para construción de nave-almacén para garda de maquinaria agrícola, no lugar de Gomarín, parroquia de Saidres (Silleda).

Visto o informe emitido o 29 de novembro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

<i>"Solicitante</i>	<i>Antonio Albino Nercellas Rodríguez</i>		
<i>Data de rexistro</i>	<i>19.XUL.2017</i>	<i>Nº 2017-E-RC-3287</i>	<i>Expediente 381/2017</i>
<i>Solicitud</i>	<i>Nave- almacén para garda de maquinaria agrícola</i>		
<i>Tipo de Solicitud</i>	<i>Obra Maior</i>		<i>Superficie construída: 9296,69 m2</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Gomarín, Saidres</i>		
<i>Referencia catastral</i>	<i>36052A018003790000KM</i>		<i>Coordenadas UTM 29 ETRS89:</i>
<i>Parcela rexistral n/d</i>			<i>X: 562318 Y: 4732604</i>
<i>Clase de solo</i>	<i>Rústico de protección ordinaria</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Ramón Moreira Mato, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1666</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 14/07/2017, nº 258/17 PO</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Ramón Moreira Mato, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1.666</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial 14/07/2017, nº 258/17 PO</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	<i>DOGA</i>	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>47.504,30 €</i>		<i>P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 65.707,20 €</i>

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.*
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.*
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 11 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.*
- 12 Planeamento do Concello de Silleda*

- 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

### 13 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 381/2017, de solicitude de licenza asinada por Antonio Albino Nercellas Rodríguez, presentada con R.E. 2017-E-RC-3287 de 19.XUL.2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Ramón Moreira Mato, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1666 e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Nave- almacén para garda de maquinaria agrícola, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de	SI

residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a

<p>condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros. – As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. – Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.</p>	
<p>f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.</p>	Non procede
<p>g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular. Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.</p>	SI
<p><b>Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.</b></p>	
<p><b>CUMPRE</b></p>	
<p>As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:</p>	
<p>a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.</p>	NON PROCEDE
<p>b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.</p>	35,1,h)
<p>c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.</p>	Si
<p>d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.</p>	Si
<p>e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.</p>	Si
<p>f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.</p>	Non procede
<p><b>Artigo 92. Protección das vías de circulación.</b></p>	
<p>1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros</p>	N/d

elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

Si

7. Segundo a disposición Transitoria Décimo cuarta “Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes” da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e na Disposición transitoria terceira “Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia” do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

(...)

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

7.1 Xunto có expediente apórtase copia da licenza definitiva de día 21 de xaneiro de 2002 para ampliación de explotación porcina, polo que se considera probada a existencia desta explotación a 1 de xaneiro de 2003.

8. Porén, o punto Terceiro “Régime ordinario” da Disposición transitoria terceira “Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia” establece o seguinte:

Sen prexuízo do disposto nos dous números anteriores, as explotacións agrogandeiras existentes o 1 de xaneiro de 2003, que se proxecten ampliar en máis dun 50 % do volume orixinario nesa data, sempre poderán acollerse ao réxime ordinario establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, tendo en conta que o disposto na letra g) do citado artigo so será aplicable ás novas explotacións gandeiras.

9. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

10. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Cumpre
Superficie mínima de parcela	38.022	2000	Si
Altura de cornixa	3,50 m	7,00 m	Si
Ocupación máxima	25,50 %	20 % (Explotacións 60%)	Si
Superficie ocupada en planta	9.695,61		Si
Número máximo de plantas	B	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si

11. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, por non ser de aplicación no proxecto.

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.



14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m<sup>2</sup>, para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

**Cálculo de presuposto de execución material**

	nº	Sup.	€/m <sup>2</sup>	Tipo de obra	C <sub>1</sub>	Tipo de uso	C <sub>u</sub>	C <sub>g</sub>	
Planta Baixa	1	390,00	520	Edificación Illada (4 fachadas)	1,2	Granxas	0,3	0,9	65.707,20 €
<b>TOTAL</b>		390,00 m <sup>2</sup>					PEM		65.707,20 €

**Taxas**

ICIO	2,25 % de	65.707,20 €	1.478,41 €
Informe técnico			60,00 €
	Taxa		1.538,41 €

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Navealmacén para garda de maquinaria agrícola solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a ANTONIO ALBINO NERCELLAS RODRÍGUEZ para construción de nave-almacén para garda de maquinaria agrícola, no lugar de Gomarín, parroquia de Saidres (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A018003790000KM, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Folla de edificación e estatística cumprimentada

Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
65.707,20	65.707,20	2,25 %	1.478,41	1.068,85	409,56

### Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

#### Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

#### Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O

recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

### **3.3.- Expte. 58/17. Corrección de erros. Licenza de Obra Maior. Ampliación de explotación de porcos de ceba. SEBASTIÁN CASTRO SANMARTÍN.**

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 17 de agosto de 2017, "6.1.- Licenza de obra para "Ampliación de explotación de gando porcino de cebo" Solicitante: Sebastián Castro Sanmartín. Expediente nº 58/2017 Administración Electrónica-Gestiona.

Visto que, Presentado polo promotor aclaración respecto da ubicación da parcela na que se pretende a explotación, debido a unha errata na redacción do proxecto, sendo a correcta a parcela catastral 36052G507005530000RU no canto da orixinarmente indicada 36052G507005540000RH.

Visto que, con data 04 de decembro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, emítense novo informe no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	Sebastián Castro Sanmartín		
Data de rexistro	19.MAI.2017	Nº 2324	
Solicitud	Ampliación de explotación de porcos de ceba		
Tipo de Solicitud	Obra Maior	Superficie construída: 1851,12 m2	
Emprazamento	A Chousa Grande, Ponte		
Referencia catastral	36052G507005530000RU	Coordenadas UTM 29 ETRS89:	
Parcela rexistral	n/d	X: 562833.87 m E Y: 4729205.39 m N	
Clase de solo	Solo rústico	Superficie Catastro: 7.673 m2	
Autor do Proxecto	Raúl Sotelo Cabral, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1.606		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 11/05/2017, nº 177/17(Po)		
Dirección de Obra	n/d		
Dirección de Execución	n/d		
Exposición pública	BOP	DOGA	Prensa
Orzamento (P.E.M.)	119.280,34 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

11 Planeamento do Concello de Silleda

- 11.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 11.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 11.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 11.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 11.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 11.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 11.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 11.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 11.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 11.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

12 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Sebastián Castro Sanmartín, presentada con R.E. 2324 de 19.MAI.2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Raúl Sotelo Cabral, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1.606 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación de explotación de porcos de ceba**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p> <p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de</p>	SI

servizos e infraestruturas existentes.

*Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.*

b) *Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.*

c) *Cumprir as seguintes condicións de edificación:*

– *As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.*

– *O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.*

– *Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.*

– *A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.*

*Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.*

d) *Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:*

– *Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).*

– *A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.*

– *A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.*

*Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.*

– *Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.*

– *Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.*

– *As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancos*

<p>resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.</p> <p>– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.</p>	
<p>f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.</p>	SI
<p>g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.</p> <p>A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.</p> <p>Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.</p>	SI
<p><b>Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.</b></p>	
<p><b>CUMPRE</b></p>	
<p>As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:</p>	
<p>a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.</p>	SI
<p>b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.</p>	35,1,h)
<p>c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.</p>	Si
<p>d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.</p>	Si
<p>e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.</p>	Si
<p>f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.</p>	Non procede
<p><b>Artigo 92. Protección das vías de circulación.</b></p>	
<p>1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística</p>	Non procede

estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

Si

7. Segundo a disposición Transitoria Décimo cuarta "Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes" da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e na Disposición transitoria terceira "Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

(...)

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

7.1 A explotación conta con recoñecemento das edificacións, tramitado consonte á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Circular Informativa 1/2003, de 31 de xullo, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; documentación obrante neste departamento técnico de Urbanismo, vías e obras, mediante acordo de xunta de goberno local do día 31 de marzo de 2004, polo que se recoñecen as seguintes edificacións:

7.1.1 Edificación destinada a **granxa**, cunha superficie construída total de 131,44 m<sup>2</sup> en planta baixa.

7.2 Na documentación técnica xustifícase axeitadamente o punto 3 da Disposición transitoria terceira. "Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

Sen prexuízo do disposto nos dous números anteriores, as explotacións agrogandeiras existentes o 1 de xaneiro de 2003, que se proxecten ampliar en máis dun 50 % do volume orixinario nesa data, sempre poderán acollerse ao réxime ordinario establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, tendo en conta que o disposto na letra g) do citado artigo so será aplicable ás novas explotacións gandeiras.

8. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental.

9. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	7.673	2000	Si
Altura de cornixa	3,50 m	7,00 m	Si
Ocupación máxima	25,36 %	20 %	Si
Superficie ocupada en planta	1.851,12		Si
Número máximo de plantas	B	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **tratamento de augas**

14. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**.

15. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m<sup>2</sup>, para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

**Cálculo de presuposto de execución material**

	nº	Sup.	€/m <sup>2</sup>	Tipo de obra	C <sub>1</sub>	Tipo de uso	C <sub>u</sub>	C <sub>g</sub>	
Planta Baixa	1	595,40	520	Edificación Illada (4 fachadas)	1,2	Granxas	0,3	0,9	100.312,99 €
Planta Baixa	1	328,95	520	Edificación Illada (4 fachadas)	1,2	Granxas	0,3	0,9	55.421,50 €
<b>TOTAL</b>		<b>924,35 m<sup>2</sup></b>						<b>PEM</b>	<b>155.734,49€</b>

**Taxas**

ICIO	2,25 % de	155.734,49 €	3.504,03 €
Informe técnico			60,00 €
	Taxa		3.564,03 €

16. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

16.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

16.1.1 O solicitante aporta copia da resolución emitida por este servizo o 30 de maio de 2017 (r.s. 55412/ RX 841621 de 01/06/2017).

17. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

17.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

17.1.1 O promotor aporta copia da RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DA AMPLIACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN PORCINA, EN ROSENDE, NO CONCELLO DE SILLEDA, PROMOVIDA POR SEBASTIÁN CASTRO SANMARTÍN (EXPEDIENTE PO/2017/051), con rexistro de entrada 3475 de 02.AGO.2017.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación de porcos de ceba solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estancidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:



1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a SEBASTIÁN CASTRO SANMARTÍN para ampliación de explotación de porcos de ceba, no lugar de A Chousa Grande, parroquia de Ponte (Silleda), parcela con referencia catastral 36052G507005530000RU, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
155.734,49	155.734,49	2,25 %	3.504,03	2.683,81	820,22

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

#### Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuro de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

### **3.4.- Expte. 963/17. Licenza de Obra Maior. Acondicionamento de nave existente para uso de carpintería metálica. Manuel Alonso González, en representación de SOTEGA NOROESTE, S.L.**

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por Manuel Alonso González en representación de SOTEGA NOROESTE, S.L., Rexistro de Entrada nº 2254 de data 15 de maio de 2017, para acondicionamento de nave existente para uso de carpintería metálica, no Polígono Industrial Área 33, mazá 2 – Parcela 10 (Silleda).

Visto o informe emitido o 04 de decembro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*"Solicitante* Manuel Alonso González e.r. SOTEGA NOROESTE SL  
*Data de rexistro* 15/05/2017 Nº 2254 *Expediente* 963/2017

Solicitude	Acondicionamento de nave existente para uso de carpintería metálica	
Tipo de Solicitude	Obra Maior	Superficie construída: 2.707,00 m <sup>2</sup>
Emprazamento	Polígono Industrial ÁREA 33. Mazá 2 parcela 10	
Referencia catastral	36052A049005170001LS	Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral	n/d	X: 563346.15 m Y: 4726949.44 m
Clase de solo	Urbano. Industria y almacén	
Autor do Proxecto	Ángel Ibán Fernández Águila, enxeñeiro técnico Industrial colexiado 03895	
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 06/03/2017, nº 21700212	
Dirección de Obra	Ángel Ibán Fernández Águila, enxeñeiro técnico Industrial colexiado 03895	
Dirección de Execución	n/d	
Orzamento (P.E.M.)	170.000,00 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 12 Planeamento do Concello de Silleda
  - 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 13 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 963/2017, de solicitude de licenza asinada por Manuel Alonso González e.r. SOTEGA NOROESTE SL, presentada con R.E. 2254 de 15/05/2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Ángel Ibán Fernández Águila, enxeñeiro técnico Industrial colexiado 03895 e xustificante de pagamento de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do

presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo Urbano, ordenanza Industria e Almacén, I.A.**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Acondicionamento de nave existente para uso de carpintería metálica**, está clasificado como **Solo Urbano, ordenanza Industria e Almacén, I.A.**

5. Trátase de obras de acondicionamento interior dunha edificación con licenza para adaptala ao novo uso de carpintería metálica, sen modificación dos parámetros urbanísticos que no seu momento tiveron licenza. Modifícase só o relativo ás vías de evacuación, que se xustifican, xunto con outra normativa, no apartado correspondente da memoria.

6. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 17 da Lei do Solo de Galicia.

7. Consonte ao Plan Parcial vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido no parágrafo 3.5.4 **usos autorizados**:

#### **3.5.4 USOS AUTORIZADOS**

En general se entienden autorizados el conjunto de operaciones que se ejecutan para la obtención y transformación de materias primas, su envasado, almacenaje, distribución, y reparación, así como la artesanía.

Así mismo albergará actividades industriales que por su envergadura y efectos producidos necesitan localizarse en áreas cuyo uso principal sea el industrial

##### **INDUSTRIAS DE LA CONSTRUCCIÓN**

Talleres de pintura y decoración, escultura, cantería y pulimentación de piedras artificiales, vidriería y, en general, los dedicados a la preparación de materiales pétreos, naturales o artificiales, cerámicos, vidrios, áridos y aglomerados, etc.

##### **INDUSTRIAS ELECTROMECÁNICAS**

Talleres de ferretería, fontanería, hojalatería, bronceístas, platerías, fabricación de camas y muebles metálicos, juguería, óptica y mecánica de precisión: reparaciones electromecánicas, con exclusión de los destinados únicamente a reparación de automóviles o anejos a las instalaciones de transporte urbanos; fabricación de instrumentos de música, etc.

##### **INDUSTRIAS DE LA MADERA**

Talleres de carpintería, tapicería, decorado y acabado de muebles cuya materia principal sea la madera; juguetería no mecánica; instrumentos de música con caja de madera; fabricación y preparación de embalajes y de pasta de madera; productos sintéticos, concha, celuloide, pasta de papel y cartón, etc.

##### **INDUSTRIAS QUÍMICAS**

Talleres y laboratorios de preparación de productos químicos en general; tratamientos químicos de productos de cualquier clase, incluso pieles y su curtido; productos y especialidades farmacéuticas, productos de perfumería y limpieza y fabricación de vidrios, esmaltes, pinturas, lacas y barnices, etc.

##### **INDUSTRIAS TEXTILES Y DEL VESTIDO**

Talleres de confección y adorno de ropas de todas clases, sombrerería, zapatería y guantería; guarnicionería; reparación, acabado, tinte y limpieza de ropas; confección de adornos, joyería y bisutería, talleres de hilado, tejidos, encajes, incluso de apresto y acabado de los mismos. etc.

##### **INDUSTRIA DE LA ALIMENTACIÓN**

Tahonas, hornos de confitería, bollería, galletas, etc., preparación, refinado y cortado de azúcar; torrefacción de granos, café, cebada, achicoria, cacao, incluso molido y envasado de estos productos vegetales y animales, y vaquerías y cabrerías; preparación y envasado de leche y productos lácteos; preparación de conservas a base de

carne y pescado; productos alimenticios a base de residuos de matadero, preparación y envase de bebidas, fábricas de hielos, heladerías e instalaciones frigoríficas de conservación; fabricas de cerveza y harinas, etc.

**INDUSTRIAS GRAFICAS DE ELABORACION DE PAPEL Y CARTON**

Talleres de imprenta, litografía, encuadernación y artes gráficas en general; de cortado, doblado, engomado de objetos de papel y cartón, con impresión o sin ella, de grabado y fabricación de rótulos esmaltados, talleres y laboratorios de fotografía y artes fotomecánicas y de revelado, copiado, montaje, doblado y sonorización de películas, etc.

**INSTALACION DE LOS SERVICIOS DE DISTRIBUCION DE ENERGIA ELECTRICA, AGUA Y LIMPIEZA**

Estaciones de generación, transporte, transformación y distribución de energía eléctrica; instalaciones de elevación, conducción, distribución y depuración de aguas; limpieza, desinfección, destrucción o aprovechamiento de productos residuales urbanos, etc.

**INDUSTRIAS VARIAS**

Siempre que la normativa específica vigente y la Corporación Municipal, así lo autorice o considere oportuno.

7.1 Enténdese incluída esta actividade no epígrafe Industrias electromecánicas.

8. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

9. O proxecto presentado non modifica os parámetros urbanísticos polos que tivo licenza.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

13. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

14. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Acondicionamento de nave existente para uso de carpintería metálica solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a SOTEGA NOROESTE, S.L. para acondicionamento de nave existente para uso de carpintería metálica, no Polígono Industrial Área 33, mazá 2 – Parcela 10 (Silleda).demolición de nave destinada a explotación avícola, no Polígono Industrial Área 33 – Mazá 2 – Parcela 10 (Silleda), con

arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

**Segundo.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

### 3.5.- Expediente 1450/17. Cambio de titularidade. CARMEN PAZ FERNÁNDEZ.

Vista a solicitude presentada por CARMEN PAZ FERNÁNDEZ, Rexistro de Entrada 2017-E-RE-5171, de data 22 de novembro de 2017, solicitando o cambio de titularidade da licenza concedida por acordo desta Xunta de Goberno Local, en sesión do 18 de maio de 2017, a seu nome, para construción de almacén agrícola, no lugar de Redondo, parroquia de Vilar (Silleda), pasando a ser o novo titular AMADEO TABOADA ÁLVAREZ.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de maio de 2017, que na súa parte dispositiva establece:

#### “5.3.- Construcción de almacén agrícola. CARMEN PAZ FERNÁNDEZ.

*Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:*

**Primeiro.- CONCEDER,** salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a CARMEN PAZ FERNÁNDEZ para construción de almacén agrícola, no lugar de Redondo, parroquia de Vilar (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A038000770000KL, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada:

**Segundo .-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible $\text{€}_{2017}$	Base liquidable $\text{€}_{2017}$	Tipo gravame	Débeda tribut. $\text{€}_{2017}$	Pagado $\text{€}_{2017}$	Débeda. pte. $\text{€}_{2017}$
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
11.793,60	11.793,60	2,25 %	265,36	146,25	119,11

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

*Prazos de ingreso*

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

*Medios de pago*

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Darse por comunicados do cambio de titularidade do expediente de "Construcción de Almacén Agrícola" no lugar de Redondo, parroquia de Vilar (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A038000770000KL, outorgada a Carmen Paz Fernández por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 18 de maio de 2017, pasando a ser o novo titular AMADEO TABOADA ÁLVAREZ, en troques de Carmen Paz Fernández.

**Segundo.-** Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

**Terceiro.-** Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

**Quinto.-** Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

**4º.- EXPEDIENTE 1329./2017. ADXUDICACIÓN DA SUMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO TRACTOR NOVO E DOUS APEIROS DESBROZADORAS (UNHA DE ARRANTRE E OUTRA DE BRAZO).**

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 14 de novembro de 2017 acordouse:

**“PRIMEIRO.-** Avocala competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de suministro por importe de 90.000,00 € máis IVE **“UN VEHÍCULO TRACTOR NOVO E DOUS APEIROS DESBROZADORAS (unha de arrantre e outra de brazo).”**

**TERCEIRO.-** Autorizar, en contía de 108.900,00 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 172.623, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

**CUARTO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescripciones Técnicas.

**QUINTO.-** Solicitar ofertas ás seguintes empresas, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE SL
- MECÁNICA DE CAMPO SL
- AGROVEIRAS SL
- INDUSTRIAS GUERRA SA
- HERMANOS VILLAR
- AGROMAS-AGROMAQUINARIA SILLEDA, S.L.U.
- MAXIDEZA, S.L.”

Visto que procedeuse a convocar a 7 empresas a que presentasen ofertas, tratándose dun contrato de suministro por procedemento negociado sen publicidade:

- MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE SL  
Rexistro de Saida: 2017-S-RE-189 de 15.11.2017
- MECÁNICA DE CAMPO SL  
Rexistro de Saida: 2017-S-RE-188 de 15.11.2017
- AGROVEIRAS SL  
Rexistro de Saida: 2017-S-RE-187 de 15.11.2017



- INDUSTRIAS GUERRA SA  
Rexistro de Saida: 2017-S-RE-186 de 15.11.2017
- HERMANOS VILLAR  
Rexistro de Saida: 2017-S-RE-185 de 15.11.2017
- AGROMAS-AGROMAQUINARIA SILLEDA, S.L.U.  
Rexistro de Saida: 2017-S-RE-184 de 15.11.2017
- MAXIDEZA, S.L.  
Rexistro de Saida: 2017-S-RE-183 de 15.11.2017

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada n.º 5185, de data 22.11.2017, por parte da empresa Ramón Lois S.L. solicítase ser invitado a este proceso de licitación, sendo aceptada a mesma.

Visto que presentáronse as seguintes ofertas:

- HERMANOS VILLAR  
Rexistro de Entrada n.º 5135 de 20.11.2017
- MAXIDEZA, S.L.  
Rexistro de Entrada n.º 5147 de 20.11.2017
- RAMÓN LOIS, S.L.  
Rexistro de Entrada n.º 5225 de 24.11.2017
- MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE SL  
Rexistro de Entrada n.º 5353 de 01.12.2017

Visto que examinouse a proposta técnica e económica das catro empresas que se presentaron, así como as melloras ofertadas. A cualificación das mesmas resulta complicada pola carencia da súa valoración económica –como se esixía nas Bases-, excepto por unha das empresas, polo que se tivo en conta a opinión de dous agricultores con experiencia acreditada de moitos anos no manexo de tractores, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego, co resultado que consta no cadro, polo que se considera a mais vantaxosa a de MAXIDEZA, S.L., CIF 36155961F, que oferta un Massey Ferguson, cunha potencia mínima de 120 CV, por acadar a maior puntuación, 85 puntos.

Criterios de selección:

<b>EMPRESA</b>	<b>Oferta Económica</b>	<b>Oferta económica</b> Máximo 50 puntos	<b>Período garantía</b> Máx. 10 puntos	<b>Melloras</b> Máx. 40 puntos	<b>Total</b>
HERMANOS VILLAR, S.L. (Claas)	101.327,82	37,76	(36 meses) 6 puntos	27 puntos	<b>70,76</b>
AGRICOLA DEL NOROESTE S.L. (John Deere)	107.397,18	33,36	(48 meses) 8 puntos	30 puntos	<b>71,36</b>
MAXIDEZA, S.L. (Massey Ferguson)	97.550,00	50,00	(60 meses) 10 puntos	25 puntos	<b>85,00</b>

RAMON LOIS (New Holland)	108.900,00	31,26	(36 meses) 6 puntos	25 puntos	<b>62,26</b>
-----------------------------	------------	-------	------------------------	-----------	--------------

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

**Primeiro.-** Adjudicar o contrato de subministro/adquisición de “**UN TRACTOR POLIVALENTE E APEIROS COMPLEMENTARIOS (DESBROZADORAS DE ARRASTRE E DE BRAZO), DESTINADOS AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE INFRAESTRUTURAS, REDES VIARIAS E MASAS COMÚNS DO CONCELLO DE SILLEDA**” a empresa **MAXIDEZA S.L.**

O prezo de adjudicación é de **97.550,20 €.**, IVE incluído (80.620,00 + IVE 16.930,20 = **97.550,20**), segundo o previsto no Prego de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentadas.

**Segundo.-** Requirit ao adjudicatario para que presente a documentación completa esixida nas Bases, certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e **AVAL** por importe do 5% da adjudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de DEZ días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no art. 140 LCSP.

**Terceiro.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 04 de Decembro de 2017

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO  
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga